

Composición de texto 8. A CUESTIÓN NACIONAL NO ÚLTIMO TERZO DO S. XIX

É difícil definir que é unha nación e determinar os factores que a conforman, pero case todas coinciden en identificala coa patria (terra de nacemento) e que para que exista os seus membros deben ter sentimento nacional (sentir que pertencen a ela). Os nacionalistas ou patriotas consideran que toda nación ten dereito de autodeterminación (dereito a decidir libremente o seu destino), que implica a capacidade para dotarse dun autogoberno e formar unha nación soberana cun Estado independente. As nacións xurdiron da evolución de distintos factores vinculados, na maioría dos casos, ás transformacións ideolóxicas e políticas orixinadas polas revolucións liberais.

En España, a cuestión nacional é un debate polémico e inacabado. Xunto a idea de España como nación, defendida polo **nacionalismo español**, existen movementos nacionalistas periféricos (cataláns, vascos, galegos..) que defenden a consideración das súas comunidades como nacións.

A idea moderna de nación naceu en España vinculada ás transformacións políticas liberais realizadas polas Cortes de Cádiz e á defensa popular do territorio fronte á invasión napoleónica. A Constitución de 1812 definiu a nación española como o conxunto de habitantes dos territorios da Coroa, nos que residía a soberanía. A división posterior do liberalismo en dúas correntes (doutrinaria e progresista) deu lugar á aparición de distintas interpretacións sobre a existencia, identificación, valores e formación da nación española: o nacionalismo español conservador e o liberal-democrático.

- **O nacionalismo español conservador**, defendido por moderados e conservadores (Cánovas) e tradicionalistas (Menéndez-Pelayo), considera que a nación española é unha unidade colectiva que desde épocas remotas estaba destinada a formar unha unidade política inseparable e cunha historia (na que resaltan a importancia dos godos, da Reconquista, de Castela, dos Reis Católicos, de Felipe II...) que forxa o carácter español. Defende que a unidade da patria é incompatible cos particularismos rexionais e, por tanto, España debe ser un Estado centralizado e uniforme.

- **O nacionalismo español liberal-democrático**, defendido por demócratas e republicanos (Pi i Margall, Ortega e Gasset, Azáña), considera que a nación española é unha construción política froito da vontade dos individuos; por tanto a unidade da patria é compatible co mantemento de particularismos rexionais e defende a existencia dun Estado descentralizado.

A partir da segunda metade do XIX apareceron en Europa **movementos nacionalistas** que loitaron por constituír Estados naqueles territorios con costumes, tradicións, linguas e historia propias. En España, no último terzo do XIX, nos territorios periféricos (Cataluña, País Vasco, Galicia...) xurdiron manifestacións culturais e políticas que evolucionaron cara á defensa da existencia de nacións propias con dereito a dispor de soberanía e reivindicaron outro modelo territorial do Estado español.

Na orixe destes movementos nacionalistas influíron diversos factores:

- A diversidade cultural e lingüística de España.
- A creación dun Estado liberal centralizado e unitario.
- O desigual desenvolvemento industrial. Cataluña, País Vasco, Asturias, cunha economía capitalista, estaban apartadas do centro de decisións políticas.
- A débil nacionalización española: falta de consenso sobre o sistema político (monarquía-república), sobre os símbolos (bandeira, himno), o fracaso da política nacionalizadora do Estado, etc.
- O descontento pola situación do país: atraso económico e cultural, fracaso colonial (desastre do 98).

Os movementos rexionalistas e nacionalistas foron cambiando co tempo. Nos seus comezos, un reducido grupo de eruditos burgueses interesáronse pola historia, a lingua, a cultura... do seu pobo. Máis tarde, para conseguir certo grao de autogoberno e aumentar a base social, sumouse a axitación política. Estes movementos, que rexeitaban a existencia dunha única nación española unitaria e defendían unha nova organización do Estado español, radicalizáronse ante a negativa do goberno a conformar un modelo descentralizado e pasaron do rexionalismo (reivindicación da descentralización administrativa e autogoberno) ó nacionalismo (reivindicación do recoñecemento dunha nación diferenciada con dereito a dispoñer de soberanía política e de goberno propio, nuns a nación permanecería dentro do Estado español e noutros formaría un Estado-nación independente).

O **catalanismo** foi configurándose desde mediados do XIX e quedou vertebrado nas décadas iniciais do XX. Parte da idea da identidade diferencial de Cataluña fronte ó resto de España, baseada nunha serie de factores: unha lingua propia (o catalán), uns costumes e dereito tradicional, unha historia da que sentirse orgullosos e da que se toman os símbolos identitarios (a *senyera* – herdeira do pendón dos reis da Coroa de Aragón–, o himno de *Els Segadors*, que lembra a revolta de 1640, a *Generalitat*, institución xurdida das Cortes medievais), un pioneiro desenvolvemento industrial, a idea da marxinação política de Cataluña dentro do Estado centralista español...

A orixe do catalanismo hai que situala a mediados do XIX, no contexto do Romanticismo, no que xurdiu a **Renaixença**, un movemento que reivindicaba o uso do catalán como lingua literaria e a cultura catalá pero que careceu de aspiracións políticas. As primeiras reivindicacións con contido político producíronse na década de 1880 da man do **rexionalismo**, que defendía o autogoberno sen discutir a unidade nacional de España. O rexionalismo catalán estivo dividido en dúas tendencias. A progresista, liderada polo republicano federal **Valentí Almirall**, fundou un xornal en catalán (*Diari Català*), convocou o Primeiro Congreso Catalanista e creou o *Centre Català* (primeiro organismo defensor da autonomía). Almirall e o *Centre Català* presentaron a Alfonso XII o **Memorial de Agravios** (*Memorial de Greuges*, 1885) en defensa dos intereses materiais e morais de Cataluña, do dereito catalán e do proteccionismo industrial e propoñendo unha organización rexional do Estado español. A conservadora, da que formaron parte futuros dirixentes catalanistas (Prat de la Riba, Cambó...), creou a *Unió Catalanista* que aprobou o proxecto autonomista das **Bases de Manresa** (1892) que defendían unha organización confederal, a soberanía de Cataluña en política interior, o restablecemento das institucións tradicionais catalás, o catalán como lingua única, un sistema tributario e de finanzas propio e forzas de orde pública e tribunais de xustiza cataláns.

A finais do XIX, a crise do sistema político da Restauración (perda do mercado colonial, rexeneracionismo...) acrecentou o interese da burguesía catalá por ter a súa propia representación política á marxe dos partidos dinásticos. Neste contexto, o catalanismo evolucionou cara o **nacionalismo**. **Prat de la Riba** foi o primeiro en identificar Cataluña como nación e en propoñer a creación dun Estado español como unha federación de nacións ibéricas. Partindo destas ideas, o nacionalismo catalán conservador fundou a **Lliga Rexionalista de Catalunya**, que obtivo éxitos electorais que facilitaron ó seu dirixente Francesc Cambó formar parte dos gobernos do Estado entre 1917 e 1922. A aprobación da Lei de Mancomunidades polo goberno de Dato permitiu constituír, en 1914, a **Mancomunidad de Cataluña**, primeiro recoñecemento da súa identidade xurídica e política, que funcionou ata 1925. A aplicación do principio de nacionalidades (proposto por Wilson, presidente norteamericano) nos tratados que puxeron fin á Primeira Guerra Mundial reactivou a presión dos catalanistas por conseguir a autonomía completa e con este fin redactaron un **proxecto de Estatuto** (1919) que foi rexeitado polo Goberno do Estado.

Tamén se desenvolveu neste período un nacionalismo progresista e republicano, moi fragmentado. Un dos seus líderes, **Antoni Rovira i Virgili**, avogaba pola creación dun Estado catalán democrático e republicano, as liberdades cidadáns, o reformismo social e o laicismo. Os catalanistas progresistas crearon baixo a dirección de **Francesc Maciá** as primeiras organizacións independentistas: Federación Democrática Nacionalista (1919), Estado Catalán (1922).

Todas as reivindicacións catalanistas foron reprimidas durante a ditadura de Primo de Rivera, o que contribuíu a súa radicalización e favoreceu o reagrupamento do catalanismo de esquerdas en **Esquerda Republicana** (1931), forza hexemónica en Cataluña durante a Segunda República.

O **nacionalismo vasco** estivo ligado ás tradicións. As provincias vascas e Navarra conservaran durante o Antigo Réxime os seus privilexios forais: figalguía para os seus habitantes, sistema fiscal e institucións administrativas e xurisdiccionais propias, aduanas con Castela, prestacións militares no seu territorio... Pero a implantación do liberalismo quixo rematar con este *status* especial. A Constitución de 1812 eliminou os privilexios forais, que foron reinstaurados no reinado de Fernando VII. O Convenio de Vergara (1839), que puxo fin á Primeira Guerra Carlista, suprimiu os foros, que foron recuperados por Navarra durante a rexencia de Espartero – Lei paccionada de 1841 – e parcialmente polos vascos en 1844. Tras o fin da Terceira Guerra Carlista (1876), Cánovas suprimiu os privilexios vascos, pero en 1878 concedeu un réxime de concerto económico (vixente ata 1937) que permitía ás provincias vascas distribuír as quintas militares e recadar as rendas e impostos (unha cantidade previamente negociada entre as Deputacións e o Goberno) cos que contribuír ós gastos do

Estado. Porén os sectores tradicionalistas reivindicaban a reintegración foral plena e loitaban contra unha industrialización que destruíra a sociedade tradicional vasca.

O nacionalismo vasco iníciase politicamente coa fundación do **Partido Nacionalista Vasco** (1895) por Sabino Arana. **Sabino Arana**, de familia carlista e contrario ás transformacións sociais e políticas do liberalismo e da industrialización, defendía a independencia de Euskadi, formado por todos os territorios vascos (españóis –País Vasco e Navarra– e franceses). A súa ideoloxía, resumida no lema “Deus e lei antiga”, mestura o integrismo católico, a defensa dos *fueros*, a exaltación dos valores e da vida tradicional agraria, a glorificación do pobo vasco, da súa lingua, da súa historia... e ataca os cambios introducidos polo liberalismo e por unha industrialización que provocou a chegada de inmigrantes (os “maketos”), culpables da españolaización dos costumes, da contaminación da raza ... Baixo a dirección de Ángel Zabala, o PNV completou a súa organización (*Euskadi Buru Batzar*), precisou os seus estatutos, formou o sindicato nacionalista (Solidariedade de Traballadores Vascos, xerme do actual ELA-STV) coa finalidade de contrarrestar a influencia socialista e anarquista, e ampliou o número de partidarios, pero sufriu a aparición de tendencias tácticas (a radical e a moderada). Durante a ditadura de Primo de Rivera as organizacións políticas vascas foron suprimidas e o nacionalismo quedou relegado a actos culturais, folclóricos e deportivos. O PNV rexurdirá en 1930 agrupando a todo o nacionalismo vasco.

O **galeguismo**, que apareceu a mediados do XIX, aínda que reducido a círculos minoritarios de intelectuais e políticos e con pouco seguimento popular, reivindicaba o recoñecemento dos intereses de Galicia, a defensa do galego e do autogoberno. O punto de partida da reivindicación galeguista está no recoñecemento da pobreza, atraso e afastamento de Galicia e no sentimento de aldraxe ante a marxinación imposta polos gobernos de Madrid.

Na evolución do galeguismo diferéncianse tres fases: provincialismo, rexionalismo e nacionalismo.

- O **provincialismo** da xeración de 1846, na que destaca **Antolín Faraldo**, puxo de manifesto as características diferenciadoras de Galicia e os problemas que padecía: ruralización, atraso, falta de industrialización, illamento... O **pronunciamento de Solís** contra o goberno moderado de Narváez propiciou a formación dunha Xunta Superior do Goberno de Galicia que denunciou a explotación dos galegos e manifestou o desexo de rexenerar a súa riqueza e prestixio. O pronunciamento fracasou e os seus participantes foron executados (Mártires de Carral), pero as súas propostas foron recollidas polos republicanos federais e polos rexionalistas. Paralelamente, o **Rexurdimento** (movemento de recuperación literaria e histórica protagonizado por Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez...) iniciou a defensa do galego como lingua literaria e non só popular. E os historiadores Manuel Murguía e Bieito Vicetto contribuíron a espallar as razóns para dispor dunha organización política propia: lingua, costumes, historia, raza (celtismo)...

- O **rexionalismo** xurdido na década de 1880 reclamaba a cooficialidade e potenciación do galego, a autonomía política (pero sen romper a unidade do Estado español), a erradicación do caciquismo, a adopción de medidas estimuladoras da economía que freasen a emigración... Dentro do rexionalismo abríronse tres tendencias:

- A liberal, liderada por **Manuel Murguía**, defendía a nacionalidade galega, baseada en razóns lingüísticas, xeográficas, históricas e étnicas (celtismo), e o dereito de autonomía.
- A conservadora, liderada por **Alfredo Brañas**, defendía a dobre patria (a pequena e a grande), de modo que se conxugase a autonomía coa unidade de España.
- A federal, liderada por **Pereira**, defendía a creación dun Estado federal.

Nesta época apareceron as primeiras organizacións galeguistas (Asociación Rexionalista, Liga Galega), de defensa da lingua (Real Academia Galega) e xornais para a difusión do seu ideario (*A Nosa Terra*, 1907). Tamén se adoptou a bandeira e o himno de Galicia e se creou a agrupación electoral **Solidariedade Galega**. Vinculado a ela desenvolveuse o **agrarismo**, que defendía programas de concienciación do campesiñado e creou asociacións agrarias (en Acción Galega destacaron Basilio Álvarez, Portela Valladares...) que avogaban pola redención de foros (conseguida en 1926), a eliminación do caciquismo, o fomento de industrias de salgadura de peixe, vinícolas e gandeiras, a potenciación das comunicacións... Estas asociacións foron duramente reprimidas pola Garda Civil.

- O **nacionalismo** de principios do XX, no que destacaron **Castelao, Vilar Ponte, Risco...**, afirmou que Galicia é unha nación, caracterizada pola súa lingua, xeografía, historia, cultura e espírito (a saudade). Os nacionalistas denunciaron o atraso económico e a opresión cultural e defenderon a modernización agropecuaria, a autonomía e a creación dunha federación ibérica na que podería incluírse Portugal.

O nacionalismo galego manifestouse a través das **Irmandades da Fala**, que tiñan como obxectivos a defensa e dignificación do galego, a potenciación da identidade galega e a busca da autonomía. Na difusión da cultura galega tiveron un meritorio papel a **revista Nós**, o **Seminario de Estudos Galegos** e a **xeración Nós**. Durante a ditadura de Primo de Rivera, as actividades galeguistas quedaron reducidas ó ámbito cultural, pero en 1929 algúns galeguistas comezaron a participar (xunto con republicanos) na **Organización Republicana Galega Autónoma** (ORGA) e outros fundaron o **Partido Galeguista** (1931), que terá un gran protagonismo durante a Segunda República.